

Anteproxecto de orde pola que se revisa a relación de actividades artesás recollidas no anexo IV do Decreto 218/2001, do 7 de setembro, polo que se refunde a normativa vixente en materia de artesanía (DOG nº 185, do 24 de setembro de 2001).

De acordo co disposto no artigo 30 do Decreto 218/2001, do 7 de setembro, polo que se refunde a normativa vixente en materia de artesanía (DOG nº 185, do 24 de setembro de 2001), recoñécense oficialmente como actividades artesás os traballos e actividades que figuran no anexo IV do referido decreto, para os efectos da súa inclusión na sección de actividades artesás do Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia.

O artigo 31 do mesmo texto legal sinala que a relación de actividades artesás poderá ser obxecto de revisión periódica pola Comisión Galega de Artesanía, de oficio ou por instancia de parte interesada. A revisión levarase a cabo mediante orde da consellería competente en materia de artesanía por proposta do citado órgano colexiado.

Logo da solicitude a instancia de parte interesada da inclusión na sección de actividades artesás do Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia da actividade de sombrerería, o Pleno da Comisión Galega de Artesanía, na súa reunión de data 15 de marzo de 2016, acordou que esta actividade tiña particularidades propias que a diferenciaban notablemente dos oficios artesanais recollidos no anexo IV do Decreto 218/2001, do 7 de setembro, propoñendo, por unanimidade dos seus membros, a inclusión da devandita actividade na sección de actividades artesás do referido Rexistro Xeral de Artesanía de

Galicia.

En base ao anterior e de acordo co disposto no artigo 31 do Decreto 218/2001, do 7 de setembro, DISPOÑO

Primeiro.- A inclusión da actividade de SOMBRERERÍA na relación de actividades artesás recollida no anexo IV do Decreto 218/2001, do 7 de setembro, conforme ao disposto no anexo I desta orde.

Segundo .- Actualizar o devandito anexo IV do Decreto 218/2001, de 7 de setembro, conforme ao disposto no anexo I desta orde.

Santiago de Compostela,

Francisco Conde López

Conselleiro de Economía, Emprego e Industria

ANEXO I

Relación de actividades artesanais agrupadas segundo a Clasificación Nacional de Actividades Económicas (Clasificación segundo o Real decreto 475/2007, de 13 de abril.CNAE-09) e o disposto no artigo 4 da Lei 1/1992, do 11 de marzo, de Atesanía de Galicia.

División 13. Industria, téxtil.

Núm. de orden	Denominación	Código CNAE-09	Código NACE-Rev-2	A	B	C	D
1	Tecidos, tecedor(a) (alto e baixo lizo, alfombras, tapices..), centón	13.1/2/3/9	13.1/2/3/9	Sí	Sí	Sí	
2	Decoración de teas, decorador(a) de teas	13.3	13.3		Sí	Sí	
3	Encaixes, encaixeiro(a), palilleiro (a), picador(a) de cartóns	13.1/2/3/9	13.1/2/3/9	Sí	Sí	Sí	
4	Calceta, calceteiro(a), gancho, gancheiro (a)	13.9	13.9		Sí	Sí	
5	Bordados, bordador(a)	13.9	13.9	Sí	Sí	Sí	
6	Productor(a) e reparador(a) de redes, redeiro(a)	13.9	13.9	Sí			Sí

División 14. Confección de prendas de vestir.

Núm. de orden	Denominación	Código CNAE-09	Código NACE-Rev-2	A	B	C	D
7	Sastre(a)	14.1	14.1	Sí			
8	Modisto(a)	14.1	14.1	Sí			
9	Trajes tradicionales populares, productor(a) de...	14.1	14.1	Sí	Sí		
10	Peletería, peleteiro(a)	14.2	14.2	Sí			
11	Sombrerería	14.1	14.1		Sí	Sí	Sí

División 15. Industria do coiro e do calzado

Núm. de orden	Denominación	Código CNAE-09	Código NACE-Rev-2	A	B	C	D
12	Curtidos, curtidor(a)	15.1	15.1	Sí			Sí
13	Albardaría e talabartería, albardeiro(a), ou talabarteiro(a)	15.1	15.1	Sí		Sí	
14	Repuxado e decorado de coiro, repuxador(a) y...	15.1	15.1		Sí	Sí	
15	Marroquinería, marroquineiro(a)	15.1	15.1			Sí	
16	Zoqueiro(a), produtor(a) de zocos e zocas	15.2	15.2	Sí	Sí	Sí	Sí
17	Zapatería, zapateiro(a)	15.2	15.2			Sí	Sí

División 16. Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartería.

Núm. de orden	Denominación	Código CNAE-09	Código NACE-Rev-2	A	B	C	D
18	Tornería, torneiro(a) de madeira	16.1	16.1	Sí	Sí	Sí	
19	Carpintería, carpinteiro(a)	16.2	16.2	Sí		Sí	Sí
20	Tonelería, toneleiro(a), selleiro(a)	16.2	16.2	Sí		Sí	
21	Talla, tallista	16.2	16.2	Sí	Sí	Sí	
22	Marquetería, marqueteiro(a)	16.2	16.2		Sí		Sí

23	Imaxinería, imaxineiro(a)			16.2	16.2	Sí	Sí	Sí	Sí
24	Cestería, cesteiro(a)			16.2	16.2		Sí		Sí
25	Labores de palla, produtor(a) de labores de palla			16.2	16.2		Sí		Sí

División 17. Industria do papel.

Núm. de orden	Denominación	Código CNAE-09	Código NACE-Rev-2	A	B	C	D
26	Papel, produtor(a) de papel	17.1	17.1	Sí			
27	Manipulados de papel e cartón, manipulador(a) de papel e cartón (producción de obxectos con estes materiais)	17.2	17.2	Sí	Sí	Sí	

División 18. Artes gráficas e servizos relacionados coas mesmas.

Núm. de orden	Denominación	Código CNAE-09	Código NACE-Rev-2	A	B	C	D
28	Encadernación, encademador(a)	18.1	18.1		Sí		Sí
29	Serigrafía, serígrafo(a)	18.1	18.1				Sí
30	Gravados, gravador(a) (reproductor)	18.1	18.1		Sí		Sí

División 20. Fabricación de productos químicos básicos, compostos nitroxenados, fertilizantes, plásticos e caucho sintético en formas primarias.

Núm. de orden	Denominación	Código CNAE-09	Código NACE-Rev-2	A	B	C	D
31	Pirotecnia, pirotécnico(a)	20.5	20.5	Sí	Sí		Sí

División 23. Fabricación de outros produtos minerais non metálicos

Núm. de orden	Denominación	Código CNAE-09	Código NACE-Rev-2	A	B	C	D
32	Vidreiro(a)	23.1	23.1	Sí	Sí		
33	Vitralista (vidreiras)	23.1	23.1		Sí	Sí	
34	Tallista de vidro	23.1	23.1		Sí	Sí	
35	Cerámica, ceramista (decorador(a), muralista, esmaltista modelador(a), etc.)	23.3/4	23.3/4		Sí	Sí	
36	Olería, oleiro (a)	23.4	23.4	Sí		Sí	
37	Cantería, canteiro(a)	23.7	23.7	Sí	Sí	Sí	Sí
38	Talla de pedra ou mármore, tallista de pedra o mármore	23.7	23.7		Sí	Sí	Sí

División 24. Metalurxia

Núm. de orden	Denominación	Código CNAE-09	Código NACE-Rev-2	A	B	C	D
39	Fundición, fundidor(a)	24.5	24.5	Sí		Sí	Sí
40	Fundición de campás, campaneiro(a)	24.5	24.5	Sí		Sí	Sí

División 28. Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipos.

Núm. de orden	Denominación	Código CNAE-09	Código NACE-Rev-2	A	B	C	D
41	Forxa e ferrería, Ferreiro(a)	25.5	25.5	Sí	Sí	Sí	Sí
42	Hojalatería, hojalatero(a)	25.5	25.5	Sí		Sí	Sí
43	Esmaltes, esmaltistas	25.6	25.6		Sí	Sí	
44	Metalistería, metalisteiro(a) (traballos de diverso tipo en metais-latón, cobre, estaño, titanio, alpaca, gravados decorativos, cincelados, repuxados, etc.)	25.6	25.6		Sí	Sí	Sí
45	Cerrallería decorativa u artística, cerralleiro(a) decorativo/a ou artístico/a	25.7	25.7		Sí	Sí	Sí
46	Calderería, caldereiro(a)	25.9	25.9	Sí		Sí	Sí

División 26. Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos.

Núm. de orden	Denominación	Código CNAE-09	Código NACE-Rev-2	A	B	C	D
47	Construcción e reparación de reloxos, reloxeiro(a)	26.5	26.5	Sí			Sí

División 30. Frabricación doutro material de transporte

Núm. de orden	Denominación	Código CNAE-09	Código NACE-Rev-2	A	B	C	D
48	Carpintería de ribeira, carpinteiro(a) de ribeira	30.1	30.1	Sí		Sí	Sí

División 31. Fabricación de mobles

Núm. de orden	Denominación	Código CNAE-09	Código NACE-Rev-2	A	B	C	D
49	Tapicería, tapiceiro(a)	31.0	31.0				Sí
50	Ebanistería, ebanista	31.0	31.0		Sí	Sí	Sí
51	Dourado, dourador(a)	31.0	31.0		Sí		Sí

División 32. Outras industrias manufactureiras

Núm. de orden	Denominación	Código CNAE-09	Código NACE-Rev-2	A	B	C	D
52	Pratería, prateiro(a)	32.1	32.1	Sí	Sí	Sí	Sí
53	Xoiería, xoieiro(a)	32.1	32.1	Sí	Sí	Sí	Sí
54	Ourivería, ourive	32.1	32.1	Sí	Sí	Sí	Sí
55	Talla de pedras preciosas ou semipreciosas, lapidario(a)	32.1	32.1				Sí
56	Talla de acibeche, acibecheiro(a)	32.1	32.1	Sí	Sí	Sí	Sí
57	Talla de coral, marfil, nácara, carei, ónix, etc., tallista de...	32.1	32.1		Sí	Sí	Sí
58	Bixutaría	32.1	32.1	Sí	Sí	Sí	Sí
59	Productor(a) de instrumentos musicais de corda ou luthier	32.2	32.2		Sí	Sí	
60	Productor(a) de instrumentos musicais de vento	32.2	32.2		Sí	Sí	
61	Productor(a) de instrumentos musicais de percusión	32.2	32.2		Sí	Sí	
62	Productor(a) de instrumentos tradicionais populares galegos	32.2	32.2	Sí	Sí	Sí	
63	Afinación de instrumentos musicais, afinador(a)	32.2	32.2				Sí
64	Palletas, palleteiro (a)	32.2	32.2	Sí			Sí
65	Productor(a) de artigos deportivos	32.3	32.3			Sí	Sí
66	Xoguetes, xogueiro (a), bonecos, bonequeiro (a)	32.4	32.4				Sí
67	Modelos o maquetas, modelista ou maquetistas	32.4	32.4			Sí	Sí
68	Miniaturas, miniaturista	32.4	32.4			Sí	
69	Taxidermia, taxidermista	32.9	32.9				Sí
70	Paraugas e bastons, paragueiro(a) ou bastoeiro(a)	32.9	32.9			Sí	Sí
71	Productor(a) de perrucas ou postizos	32.9	32.9			Sí	
72	Cerería, cereiro(a) (velas y exvotos)	32.9	32.9	Sí		Sí	
73	Figuras de pan tradicionais populares, produtor(a)	32.9	32.9	Sí		Sí	

División 43. Actividades de construcción especializada

Núm. de orden	Denominación	Código CNAE-09	Código NACE-Rev-2	A	B	C	D
74	Mosaicos, productor(a) de mosaicos	43.3	43.3		Sí		Sí
75	Pinturas e revestimientos decorativos, pintor(a)-decorador(a), estuquista, etcétera.	43.3	43.3		Sí		Sí

División 47 Comercio polo miúdo doutros artigos en establecementos especializados.

Núm. de orden	Denominación	Código CNAE-09	Código NACE-Rev-2	A	B	C	D
76	Arranxos florais con flores naturais ou secas, fabricación de flores de papel ou teas, etc	47.7	47.7				Sí

División 74. Outras actividades profesionais, científicas e técnicas.

Núm. de orden	Denominación	Código CNAE-09	Código NACE-Rev-2	A	B	C	D
77	Fotografía, fotógrafo(a) (proceso non automatizado)	74.2	74.2				Sí
78	Escaparatismo, escaparatisas	74.1	74.1				Sí
79	Rotulación	74.1	74.1				Sí
80	Complementos de moda	74.9	74.9		Sí	Sí	Sí

División 90. Actividades de creación, artísticas e espectáculos

Núm. de orden	Denominación	Código CNAE-09	Código NACE-Rev-2	A	B	C	D
81	Escultura, escultor(a)	90.0	90.0		Sí		
82	Debuxo, debuxante.	90.0	90.0		Sí		Sí
83	Restauración, restaurador(a) (madeira, mobiliario, papel, pintura, arqueoloxía, coiro, pedra, etc.)	90.0	90.0		Sí		Sí
84	Escenografía y cartelismo, escenógrafo(a) ou cartelista	90.0	90.0		Sí		Sí
85	Pirogravado, pirogravador(a)	90.0	90.0		Sí		Sí
86	Cartón pedra, produtor(a) de obxectos de cartón pedra e similares	90.0	90.0		Sí	Sí	

División 96.Outros servizos persoais

Núm. de orden	Denominación	Código CNAE-09	Código NACE-Rev-2	A	B	C	D
87	Afiado, afiador(a)	96.0	96.0	Sí			Sí